



Concello de Cabanas



Concello de Pontedeume

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS E PONTEDEUME, PARA A AGRUPACIÓN PERMANENTE DE AMBOS CONCELLOS PARA AXESTIÓN COMPARTIDA, MEDIANTE AS FIGURAS DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E O CONVENIO DE COLABORACIÓN, EN SOLICITUDES DE SUBVENCIONES E EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS E/OU SERVIZOS EN MATERIAS DE MEDIOAMBIENTE, INFRAESTRUCTURA VIARIA E OUTROS EQUIPAMENTOS DE TITULARIDADE PÚBLICA, ABASTECIMENTO E AVACUACIÓN E TRATAMENTO DE AGUAS RESIDUAIS, PROMOCIÓN TURÍSTICA, DEPORTE, CULTURA E NOVAS TECNOLOGÍAS

En Cabanas, a

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Germán Castrillón Permuy, con N.I.F. 32626020 Z, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Pontedeume, Bernardo Fernández Piñeiro, con N.I.F., en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio para a agrupación permanente de ambos concellos para a xestión compartida, mediante as figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración, en solicitudes de subvenciones e execución de proxectos de obras e/ou servizos en materias de medioambiente, infraestructura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e avacuación e tratamento de aguas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e potenciar sempre que resulte posible a xestión compartida das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder

prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Conforme aos principios xerais de eficacia (art. 103 da Constitución Española), eficiencia na asignación de recursos públicos (arts. 7 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade) e colaboración interadministrativa (art. 3 e 4 da Lei 30/1992 e 10 e 57 da LBRL), os concello asinantes deste convenio de colaboración entenden que sería máis conveniente realizar a devandita actuación de forma conxunta con outros concellos da zona que teñen necesidades semellantes e competencias concorrentes na materia, mediante fórmulas asociativas que aforren custos, eviten duplicidades e melloren a xestión pública para seguir prestando servizos de calidade aos veciños neste contexto de crise económica.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

As ordes dasdistintas Consellerías que cofinancian servizos municipais veñen reiteradamente primando as solicitudes que se levan a cabo de forma agrupada entre varios entes locais.

SEGUNDO.- Os artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA) establecen que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Os artigos 26 da LBRL e 81 da LALGA dispoñen que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúen os demedioambiente, infraestructura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e avacuación e tratamento de aguas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/1992) , recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Os artigos 7, 27 e 47.2h) da LBRL, 196 197 da LALGA, e 13 da Lei 30/1992 regulan a delegación de competencias, e nos artigos 57 da LBRL, 197 e 198 da LALGA, e 88 da Lei 30/1992 os convenios de colaboración ou cooperación.

O artigo 47 da LBRL permite mediante acordo da maioría absoluta do número legal de membros da corporación local transferir funcións ou actividades a outras administracións públicas, e aceptar delegacións ou encomendas de xestións de outras administracións, en beneficio do interese público e sempre que con iso se mellore a eficiencia da xestión pública do servizo ou actividade de que se trate.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

TERCEIRO.-Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Na propia resolución de convocatorias de subvencións determinase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose as Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, faise constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumplir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDANa agrupación permanente de ambos concellos para a xestión compartida, mediante as figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración, en solicitudes de subvencións e execución de proxectos de obras e/ou servizos en materias de medioambiente, infraestructura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e avacuación e tratamento de aguas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é materializar e sistematizar polas distintas partes, concello de Pontedeume e Concello de Cabanas, nun único documento administrativo as delegacións de competencias conferidas polos concellos intervenientes, delegando ao Concello de Cabanas, concello sede da agrupación, a xestión compartida mediante as figuras da delegación de competencias e o convenio de colaboración, en solicitudes de subvencións e execución de proxectos de obras e/ou servizos en materias de medioambiente, infraestructura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e avacuación e tratamento de aguas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

Conforme as delegacións conferidas polos distintos concellos a sinatura do presente convenio polos alcaldes expresamente facultados para elo implica a eficacia inmediata do contido do mesmo, comezando a súa vixencia e execución polo Concello sede a través do seu alcalde en representación da agrupación, despregando plenos efectos xurídicos entre as partes e fronte a terceiros.

Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNNS.

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Cabanas e Pontedeume e concretamente nos lugares segundo documentación presentada para cada solicitude de subvención que se xestione.

Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR DO PROXECTO E ÁMBITO ADMINISTRATIVO DA ENCOMENDA.

Designase ao **Concello de Cabanas** (este é o concello representante) como concello sede e xestor dos proxectos que se xestionen como obxeto do presente convenio.

Cuarta. ALCANCE E CONTIDO DA DELEGACIÓN

O alcance e contido da delegación de competencias e funcións é o seguinte:

Obxecto e alcance: Deléganse as seguintes competencias/functionés propias do concello de Pontedeume no Concello Cabanas que actuará como Concello sede da agrupación dos Concellos de Pontedeume-Cabanas para a realización da xestión compartida en solicitudes de subvencións e proxectos en materias de medioambiente, infraestructura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e avacuación e tratamento de aguas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías.

-Dirección, xestión, organización e coordinación da obra/servizo.

-Xestión administrativa da subvención para a obra/servizo: Solicitud e tramitación da subvención ante a Administración convocante da subvención. O alcance da delegación se extiende a todas as actuacións necesarias para levar a cabo todos os trámites inherentes á subvención conforme á orden que a regula. Facúltase ao alcalde do Concello sede como representante único, coordinador e interlocutor ante la Administración convocante da subvención.

-Selección e contratación do persoal laboral temporal necesario para a obra/servizo (xestión directa).

-Contratación da obra, servicio ou subministros necesarios para a obra/servizo (xestión indirecta). O alcance da delegación se extende a:

a)Todas as fases do proceso de contratación: Preparación, adxudicación, formalización, execución, etc....

b)Unicamente as fases de preparación e adxudicación do contrato. O contrato configurase con varios lotes independentes que se corresponden cos ámbitos territoriais e funcionais do concello delegante. Realizadas as fases de preparación e adxudicación do contrato e unha vez seleccionada a empresa que vai a prestar o servizo en todos os concellos, a formalización, execución e seguimento do contrato corresponden a cada un dos concellos agrupados.

O Concello sede actua como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitarase un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena disponibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.

O alcance da delegación esténdese a todos os expedientes incluídos nas materias de medioambiente, infraestructura viaria e outros equipamentos de titularidade pública, abastecemento e avacuación e tratamento de aguas residuais, promoción turística, deporte, cultura e novas tecnoloxías e nos supostos que a delegación non contradiga co réxime xurídico da subvención que se convoque.

As condicións e obrigas particulares da delegación son as seguintes:

-Medios materiais e persoais: A presente delegación non implica a cesión de medios persoais e materiais propios do concello de Pontedeume a o concello de Cabanas, salvo que a natureza da axuda así o esixa e será para caso concreto e requirindo un acordo expreso de delegación nese suposto.

-Financiamento: Compromiso de achega económica pola parte proporcional ao 50 % do custo municipal do proxecto, sen perxuízo de que a natureza da solicitude estableza porcentaxes de outra índole ponderando criterios poboacionais, de desenvolvemento da actividade, obra ou proxecto de que se trate. Este suposto será desenvolto na memoria de solicitude de cada unha das subvencións cujos costes municipais non poidan ser distribuídos ao 50 % entre ambos concellos.

-Porcentaxe de financiamento estimada de cada concello participante e da administración convocante da subvención.

-O importe exacto das aportacións concretarase non convenio de colaboración en función do concellos que o asinen e da subvención prevista ou concedida á agrupación. No suposto de que a subvención concedida sexa menor deberán reaxustarse os importes a través da comisión de seguimento do convenio.

-O importe inicial deberá de estar dispoñible no prazo previsto en cada unha das ordes reguladoras das subvencións e en todo caso antes do aboamento das facturas que se emitan pola óptima execución dos servizos, ou obras de que se traten.

-Nas obras/servizos plurianuais a comisión de seguimento establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

-Duración: A presente delegación terá unha vixencia de dous anos, prorrogables por outros dous, no seu caso e mediante acordo expreso de prórrroga.

-Formas de control: responsable municipal do convenio, o axente de emprego e desenvolvemento local municipal, que será membro da comisión de seguimento. Asimesmo todos e cada un dos actos ditados en desarrollo do presente acordo serán fiscalizados pola Intervención municipal

-Outras obrigas que impoña a Orde/Resolución da subvención: Posibilidade ou non de anticipos, compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención, compromiso de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, etc..., serán previstas en cada un dos convenios particulares de colaboración que se asinarán para cada unha das subvencións que se tramiten e atendendo as súas particularidades.

-Causas de revocación da delegación:

- Oñón cumprimento do seu obxecto.

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calqueradas cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquela que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidande o directo ou indirecto das actuacións previstas no presente convenio.
- Denunciá por causas de interesse público, a instancia de calqueradas partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

-Formalización: A presente delegación de competencias será obxecto de formalización nun convenio de colaboración/cooperación marco conxunto entre ambos concellos que se agrupan, como requisito de eficacia dos acordos adoptados por cada unha das partes, delegando expresamente en órgano unipersonal (alcalde ou concelleiro) a facultade para asinar o convenio así como dos convenios particulares de colaboración que se se asinarán para cada unha das subvencións que se tramiten e atendendo as súas particularidades.

Quinta.- DIRECCIÓN E CONTROL DAS COMPETENCIAS DELEGADAS.

-Dirección e control das competencias delegadas. Os concellos delegantes resérvanse as facultades de controlar o exercicio das competencias delegadas, a través dos seus alcaldes, dos delegados do convenio, e da participación na comisión de seguemento do convenio, etc... .

-Potestade regulamentaria. Os concellos non delegan as potestades para modificar as ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, se ben deberán homoxeneizalas a proposta da Comisión mixta de seguemento do convenio.

-Potestade recaudatoria. Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal.

Sexta.- A COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO E COORDINACIÓN.

-Interpretación da fórmula de agrupación e posibles incumplimentos da mesma: as discrepancias que surdan na aplicación do presente acordo e dos seus seus convenios resolvéránse por unha comisión de seguemento e coordinación, que estará formada por dous representantes de cada concello, que serán nomeados polo Pleno da corporación, asistidos polo responsable do proxecto destinado, esto é o axente de emprego e desenvolvemento local municipal e a que poderá acudir calquera empregado público municipal que en exercizo das funcións de asesoramento sobre un expediente da súa materia poda ser requerido polos representantes municipais na comisión.

Non están previstas en este acuerdo estatutaria dispositiva legal aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente a resolución de convocatoria de subvencións respectivas.

Os conflitos que se susciten por anexo de la comisión; no caso de que non se chegue a un acordo sobre as discrepancias litigiosas, se sentenciarán en orden jurisdiccional contencioso administrativa.

A comisión de seguemento e coordinación rexeráse polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As súas principais funcións serán en concreto as seguintes:

- O seguimento e control da xestión da obra/servizo.
- Revisar e mellorar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo.
- Revisar e mellorar o catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento

das directrices básicas da prestación conxunta, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.

- Revisar as ordenanzas e regulamentos dos concellos que afecten directamente ao funcionamento do servizo para a súa homoxeneización.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cuntas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sétima. - NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

O Alcalde de Cabanas

O Alcalde de Pontedeume

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

Asdo.: Bernardo Fernández Piñeiro

